

INSTRUCCIÓN 2/2022 POLA QUE SE REGULA O CONTIDO DO INFORME SOBRE OS INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO QUE LLE AFECTEN Á REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, establece, no apartado 2 do seu artigo 23, que nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten as estradas existentes ou as actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitiralles, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que emitan informe sobre este. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, e segundo o establecido na letra e) do artigo 4 do Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, corresponde á persoa titular da antedita Consellería a atribución para emitir informe sobre as propostas de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten as estradas existentes ou actuacións previstas nos plans de estradas vixentes.

Pola súa parte, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade delegou a antedita atribución na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o establecido na letra d) do apartado 1 do artigo 8 da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos á Consellería.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia identifica e define os diferentes instrumentos de planeamento urbanístico, distinguindo entre os de ámbito municipal ou supramunicipal (o plan básico autonómico, os plans básicos municipais e os plans xerais de ordenación municipal), os instrumentos urbanísticos de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal e outras figuras de planeamento.

Por outra parte, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación regula, no seu título IV, relativo a medidas provisionais de ordenación urbanística, a figura dos instrumentos de ordenación provisional, que se configuran como instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal que permiten a regulación de situacións provisionais.

Así, o plan básico autonómico é o instrumento de planeamento urbanístico que delimita no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identifica os asentamentos de poboación existentes, sendo aplicable nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal e tendo carácter complementario do planeamento municipal.



Pola súa parte, os plans básicos municipais son os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactan en desenvolvemento do plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan cun instrumento de planeamento xeral, para o que delimitan os núcleos rurais existentes e os terreos que reunen os requisitos exixidos para ser clasificados como solo urbano consolidado, e categorizan o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no plan básico autonómico.

Os plans xerais de ordenación municipal defínense como os instrumentos urbanísticos de ordenación integral que abranguen un ou varios termos municipais completos, clasifican o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definen os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecen as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

Pola súa parte, os instrumentos de ordenación provisional regulan aqueles supostos nos que a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal ou dun decreto polo que se suspenda a vixencia da planificación urbanística municipal por unha sentenza firme supoña que recobre a súa vixencia un instrumento de planificación anterior que non responda á realidade urbanística existente no termo municipal, xurdida ao abeiro do instrumento anulado.

Entre os instrumentos urbanísticos de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal distínguense os plans parciais e os plans especiais.

Os plans parciais teñen por obxecto regular a urbanización e a edificación do solo urbanizable, desenvolvendo o plan xeral mediante a ordenación detallada dun sector.

Pola súa parte, os plans especiais teñen como finalidade protexer ámbitos singulares, levar a cabo operacións de reforma interior, coordinar a execución de dotacións urbanísticas e protexer, rehabilitar e mellorar o medio rural. En determinadas circunstancias, establecidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, pódense tramitar plans especiais en ausencia de planeamento xeral municipal ou en concellos sen planeamento ou que contén cun plan básico municipal.

Distínguense, polo tanto, varios tipos de plans especiais: os plans especiais de protección, que teñen por obxecto preservar o ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos; os plans especiais de reforma interior, que teñen por obxecto a execución de operacións de reforma en solo urbano non consolidado ou solo de núcleo rural, estean ou non previstas no plan xeral; e os plans especiais de infraestruturas e dotacións, que teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación doutros usos definidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



Finalmente, defínense as outras figuras de planeamento, entre as que se distinguen as delimitacións de solo de núcleo rural, os estudos de detalle e os catálogos.

O obxecto das delimitacións de solo de núcleo rural é precisamente o que indica o seu nome.

Os estudos de detalle poden redactarse en desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, e teñen por obxecto completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes, ordenar os volumes edificables ou concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.

Por último, os catálogos son instrumentos complementarios dos plans que teñen por obxecto identificar os elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos, se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar.

Debido á súa importancia para a ordenación e desenvolvemento dos termos municipais afectados, e tendo en conta tanto o reducido prazo de tempo para a emisión dos informes sobre a súa afección á Rede Autonómica de Estradas de Galicia como, especialmente, o sentido favorable da súa falta de emisión en prazo, considerase necesario regular o contido dos anteditos informes sobre os distintos instrumentos de planeamento urbanístico. É por iso que

DISPOÑO:

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta instrución ten por obxecto regular o contido dos informes sobre os instrumentos de planeamento urbanístico que lle afectan á Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta instrución será de aplicación a todos os informes emitidos pola Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en relación aos seguintes instrumentos de planeamento urbanístico e ás súas modificacións, sempre e cando lle afecten á Rede Autonómica de Estradas de Galicia, ou ás actuacións planificadas ou en execución sobre aquelas:

a) Instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal:

- 1.º Plan básico autonómico.
- 2.º Plans básicos municipais.
- 3.º Plans xerais de ordenación municipal.



4.º Instrumentos de ordenación provisional.

b) Instrumentos urbanísticos de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal:

1.º Plans parciais.

2.º Plans especiais: de protección, de reforma interior ou de infraestruturas e dotacións.

c) Outras figuras de planeamento:

1.º Delimitacións de solo de núcleo rural.

2.º Estudos de detalle.

3.º Catálogos.

Artigo 3. Representación da zona de dominio público das estradas e das súas zonas de protección.

Cando, para a aplicación desta instrución, sexa necesario representar ou identificar, para calquera outro fin, a zona de dominio público das estradas ou as súas zonas de protección cuxa definición depende daquela, como é o caso da zona de servidume ou a zona de afección, empregaranse para iso os planos subministrados, preferentemente en formato vectorial, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Cando non se dispoña dos anteditos planos que identifiquen a zona de dominio público das estradas poderanse realizar simplificacións para a súa determinación aproximada a partir dos elementos da estrada dos que se dispoña, en base á realidade existente da estrada e dos seus elementos funcionais. Para iso empregaranse, preferentemente, simplificacións definidas a partir da posición da aresta exterior da explanación e, en defecto daquela, da liña exterior de delimitación da calzada ou, en último caso, do eixo da calzada.

Artigo 4. Cláusulas de peche.

Nos informes sobre os instrumentos de planeamento urbanístico indícarase expresamente:

a) O sentido do informe, cando proceda.

b) A que documentos se refire o informe.

c) Que calquera cambio posterior no instrumento de planeamento urbanístico deberá ser sometido de novo ao informe da administración autonómica.

d) Que se debe entender como informado desfavorablemente calquera cambio posterior realizado sobre o instrumento de planeamento urbanístico sen que fose sometido a informe da administración autonómica, cando lle afecte directa ou indirectamente á ordenación urbanística proposta nas estradas autonómicas existentes ou planificadas.



CAPÍTULO II - INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE ÁMBITO MUNICIPAL OU SUPRAMUNICIPAL

Sección 1ª. Aspectos obxecto de informe.

Artigo 5. Aspectos obxecto de informe.

1. Para a emisión do informe dos plans xerais de ordenación municipal, analizaranse, no seu caso, todos os aspectos indicados no resto de artigos deste Capítulo.

2. Para a emisión do informe do plan básico autonómico analizaranse, no seu caso, os aspectos seguintes:

- a) A cartografía empregada.
- b) A relación cos instrumentos de ordenación do territorio vixentes.
- c) Os planos de información.
- d) A normativa xeral.
- e) A normativa de ordenación das diferentes categorías de solo.

3. Para a emisión do informe dos plans básicos municipais analizaranse, no seu caso, os aspectos seguintes:

- a) A cartografía empregada.
- b) A relación cos instrumentos de ordenación do territorio vixentes.
- c) Os antecedentes do planeamento urbanístico.
- d) A incidencia sobre actuacións previstas en materia de estradas.
- e) Os planos de información.
- f) A normativa xeral.
- g) A ordenación das diferentes categorías de solo.
- h) O recoñecemento de núcleos rurais como treitos urbanos das estradas.

4. Para a emisión do informe dos instrumentos de ordenación provisional analizaranse, no seu caso, os aspectos seguintes:

- a) A cartografía empregada.



- b) A relación cos instrumentos de ordenación do territorio vixentes.
- c) Os antecedentes do planeamento urbanístico.
- d) A incidencia sobre actuacións previstas en materia de estradas.
- e) A análise da rede viaria proposta.
- f) Os planos de información.
- g) A normativa xeral.
- h) O estudo económico.
- i) A ordenación dos solos urbanos, de núcleo rural e urbanizables.
- j) O recoñecemento de núcleos rurais como treitos urbanos das estradas.

5. No caso das modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, analizaranse, de entre os aspectos indicados nos apartados anteriores para cada tipo de instrumento, só os que sexan obxecto da modificación.

Sección 2ª. Aspectos xerais do documento.

Artigo 6. Cartografía.

Realizarase unha análise da cartografía empregada, comprobando os seguintes aspectos:

- a) Representación correcta e actualizada das diferentes estradas e, especialmente, das de titularidade autonómica.
- b) Representación correcta e actualizada da realidade física no entorno das diferentes estradas e, especialmente, das de titularidade autonómica.
- c) Representación correcta e actualizada dos novos trazados viarios en estudo ou proxecto, segundo o grado de tramitación no que se atopen, especialmente no que se refire aos de competencia autonómica.
- d) Representación diferenciada e identificación das edificacións de carácter tradicional, entendidas como as que cumpran as condicións establecidas no artigo 33 Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, tan só naqueles planos nos que resulte necesario.



Artigo 7. Instrumentos de ordenación do territorio.

Analizaranse a adaptación do instrumento de planeamento urbanístico ás determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio que conteñan regulación en materia de estradas autonómicas e sexan de aplicación ao ámbito territorial sobre o que se emite o informe.

Artigo 8. Antecedentes do planeamento urbanístico.

1. Analizaranse os cambios do planeamento e a ordenación urbanística propostos en comparación cos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe, e comprobarase que están xustificadas os cambios propostos cando supoñan un cambio significativo dos seguintes aspectos, no entorno das estradas autonómicas:

a) Clasificación e cualificación dos solos.

b) Aliñacións do viario

c) Aliñacións de edificación.

2. Aos efectos da aplicación desta instrución, consideraranse como antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe todos aqueles que tivesen entrado en vigor e, no caso dos que posteriormente fosen anulados por calquera motivo, aqueles que tivesen sido informados favorablemente por parte do órgano competente da administración autonómica en relación á súa afección á Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

Artigo 9. Incidencia sobre actuacións previstas en materia de estradas.

Analizarase a adaptación do instrumento de planeamento urbanístico aos estudos e proxectos en materia de estradas aprobados, respectando as súas determinacións urbanísticas e as súas implicacións sobre o planeamento e a ordenación urbanística, segundo o grado de tramitación no que se atopen.

Artigo 10. Análise da rede viaria proposta.

1. Cando se prevexa o desenvolvemento de novos ámbitos de solo urbanizable ou solo urbano non consolidado situados na zona de influencia directa das estradas autonómicas, comprobarase que no estudo de mobilidade do instrumento de planeamento urbanístico se realizan correctamente:

a) Unha análise dos novos tráfico xerados polas actuacións previstas, tendo en conta o crecemento e os novos desenvolvementos previstos no instrumento de planeamento urbanístico, e da súa influencia sobre o nivel de servizo da rede viaria planificada e, en concreto, das estradas autonómicas.

b) Unha análise e proposta da rede viaria planificada, incluíndo, cando se considere necesaria, a proposta de novas actuacións, especialmente no que se refire á rede autonómica de



estradas, tales como novas variantes, novos enlaces e interseccións ou a reforma dos existentes.

2. Polo contrario, poderanse omitir as análises indicadas no apartado anterior cando non se prevexa o desenvolvemento de novos ámbitos de solos urbanizables ou solos urbanos non consolidados cuxo acceso se propoña a través de estradas autonómicas, ou situados na súa zona de influencia directa e, polo tanto, os novos tráfico xerados nas estradas autonómicas se limiten aos producidos polo crecemento orgánico dos núcleos existentes de solo urbano ou solo de núcleo rural.

3. Aos efectos da aplicación desta instrución, consideraranse como novos ámbitos de solo urbanizable ou solo urbano non consolidado todos aqueles nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que non viñesen previstos nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe que tivesen sido informados favorablemente por parte do órgano competente da administración autonómica en relación á súa afección á Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

b) Que, tratándose de ámbitos de solo urbanizable, e vindo previstos nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe, non tivesen sido aínda desenvoltos.

4. Aos efectos da aplicación desta instrución, consideraranse como ámbitos situados na zona de influencia directa das estradas autonómicas todos aqueles nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o seu acceso se propoña a través de estradas autonómicas.

b) Que o seu acceso se propoña a través doutras vías de circulación distintas das estradas autonómicas, pero conectadas con estas de tal xeito que o percorrido dende o punto de acceso do ámbito a esas vías e a estrada autonómica teña unha lonxitude inferior aos cincocentos metros (500 m).

Artigo 11. *Planos de información.*

1. Comprobarase que os planos de información que formen parte do instrumento de planeamento urbanístico inclúan un de identificación da rede viaria, no que se indiquen:

a) As estradas existentes e planificadas, coa súa codificación e denominación, diferenciando a súa titularidade, as clases de estradas e as categorías funcionais ás que pertencen.

b) As vías urbanas e rurais de titularidade municipal que non teñan a consideración de estradas.



2. No caso de que existan, deberán incorporarse ao instrumento de planeamento urbanístico os mapas de ruído e o resto de mapas necesarios para dar cumprimento á lexislación en materia de ruído en relación ás estradas autonómicas.

Artigo 12. *Normativa xeral.*

2. Comprobarase que, na normativa do instrumento de planeamento urbanístico, aparte dos aspectos concretos indicados para cada clase de solo nos artigos correspondentes, se incorporan de xeito correcto os seguintes aspectos:

a) Clasificación das estradas autonómicas.

b) Incorporación, con carácter prevalente, das determinacións da lexislación autonómica de estradas e da súa normativa de desenvolvemento, no que se refire á protección do dominio público viario, segundo a clasificación do solo.

c) Incorporación das limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

3. Analizaranse, ademais, o resto de aspectos da normativa proposta que puideran ter incidencia sobre a coherencia e funcionalidade da rede de estradas autonómica.

Artigo 13. *Estudo económico.*

Realizarase unha análise do estudo económico que acompañe ao instrumento de planeamento urbanístico, verificando que as actuacións imputadas á administración autonómica están contempladas na planificación desta.

Sección 3ª. Ordenación do solo urbano.

Artigo 14. *Planos de ordenación do solo urbano.*

Nos solos que se pretenda clasificar como urbanos, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, e coa súa correspondencia na lenda, os seguintes elementos:

a) A aliñación do viario.

b) A aliñación de edificación, no caso de que non coincida coa aliñación do viario.

Artigo 15. *Aliñacións de viario do solo urbano.*

1. Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas que discorran por solo urbano, se establece unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos seguintes:



a) En autoestradas, autovías e vías para automóviles: 50 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 25 m ao eixo da calzada.

b) En estradas convencionais da rede estruturante: 24 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 12 m ao eixo da calzada.

c) En estradas convencionais da rede complementaria: 20 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 10 m ao eixo da calzada.

d) En estradas convencionais da rede local e nos treitos antigos de estradas definidos no artigo 6.2.c da Lei 8/2013, do 28 de xullo, de Estradas de Galicia: 16 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 8 m ao eixo da calzada.

e) No resto dos elementos funcionais lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, tales como vías e camiños de servizo: 12 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 6 m ao eixo da calzada.

2. En todo caso, as aliñacións de viario deberán abranguer toda a zona de dominio público viario, nos casos en que resulte maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral.

3. Admitiranse reducións motivadas das distancias xerais, establecidas segundo o criterio xeral indicado nos apartados anteriores deste artigo, nos seguintes casos:

a) En solo urbano consolidado:

1.º Cando xa contase con aliñacións de viario establecidas nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe permitirase o mantemento daquelas.

2.º Cando exista un número significativo de edificacións que conformen unha fronte de edificación consolidada situada por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario ata a antedita fronte de edificación.

3.º Cando se trate de elementos patrimoniais protexidos situados por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario de xeito que queden situados fóra delas.

b) En solo urbano non consolidado:

1.º Cando exista un número significativo de edificacións que conformen unha fronte de edificación consolidada situada por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario ata a antedita fronte de edificación, sempre e cando se trate de terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización ou de terreos nos que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana.



2.º Cando se trate de elementos patrimoniais protexidos situados por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario de xeito que queden situados fóra delas.

Artigo 16. *Aliñacións da edificación do solo urbano.*

1. Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas que discorran por solo urbano, se establece unha distancia entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada igual ou superior aos valores mínimos que se indican na táboa seguinte:

a) En autoestradas, autovías e vías para automóviles: 25 m.

b) En estradas convencionais da rede estruturante: 12 m.

c) En estradas convencionais da rede complementaria: 10 m.

d) En estradas convencionais da rede local e nos treitos antigos de estradas definidos no artigo 6.2.c da Lei 8/2013, do 28 de xullo, de Estradas de Galicia: 8 m.

e) No resto dos elementos funcionais lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, tales como vías e camiños de servizo: 6 m.

2. O establecemento das anteditas aliñacións de edificación poderá realizarse acoutando aquelas ou ben acoutando o recuado que deben respectar as fronteiras de edificación con respecto á aliñación de viario, cando esta última se acoute con respecto ao eixo da calzada.

3. En todo caso, as aliñacións de edificación deberán situarse fóra da zona de dominio público viario e da zona delimitada polas aliñacións de viario.

4. Admitiranse reducións motivadas das distancias xerais, establecidas segundo o criterio xeral indicado nos apartados anteriores deste artigo, nos seguintes casos:

a) En solo urbano consolidado:

1.º Cando xa contase con aliñacións de edificación establecidas nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe permitirase o mantemento daquelas.

2.º Cando exista un número significativo de edificacións que conformen unha fronte de edificación consolidada situada por diante da aliñación de edificación que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de edificación ata a antedita fronte de edificación.

3.º Cando se trate de elementos patrimoniais protexidos situados por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario de xeito que queden situados fóra delas.



b) En solo urbano non consolidado:

1.º Cando exista un número significativo de edificacións que conformen unha fronte de edificación consolidada situada por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario ata a antedita fronte de edificación, sempre e cando se trate de terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización ou de terreos nos que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana.

2.º Cando se trate de elementos patrimoniais protexidos situados por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario de xeito que queden situados fóra delas.

Artigo 17. *Normativa de ordenación do solo urbano.*

Nos solos que se pretenda clasificar como urbanos, deberase comprobar que nas correspondentes ordenanzas da normativa urbanística se indican os seguintes aspectos:

a) Os recuados da edificación nas distintas ordenanzas, que se poderán establecer por referencia á súa representación gráfica.

b) As condicións de posición dos peches.

c) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de parcelacións ou segregacións de fincas, de obter autorización para iso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada.

d) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

e) As limitacións das actuacións nas edificacións, ou construcións preexistentes nas situacións de fóra de ordenación ou parcial incompatibilidade co planeamento.

Artigo 18. *Extensión do solo urbano.*

Analizaranse os ámbitos de solo urbano lindeiros coas estradas autonómicas, verificando a súa extensión en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio, coa normativa sectorial en materia de estradas, cos antecedentes do planeamento municipal, coa normativa urbanística e coa protección do dominio público viario.

Artigo 19. *Accesos de novas vías urbanas en solo urbano.*

1. Verificarase que se xustifica de xeito preliminar a coherencia do entronque de novas vías urbanas en solo urbano consolidado coas estradas autonómicas, segundo a normativa en materia de accesos.



2. Analizaranse os distintos ámbitos de solo urbano non consolidado lindeiros ou próximos ás estradas autonómicas, verificando que se xustifica de xeito preliminar a conveniencia de que o acceso ao sistema viario se realice a través dela, tendo en conta a posibilidade de acceso alternativo.

3. No caso dos entronques de novas vías urbanas que se propoñan en ámbitos de solo urbano non consolidado, non será necesaria, no instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal, agás que neste se propoña a súa ordenación detallada, unha xustificación completa do tipo de acceso a executar e da súa compatibilidade coa normativa de accesos, dado que esta se deberá realizar no instrumento de desenvolvemento correspondente ao ámbito de solo urbano non consolidado.

Nese sentido, indicárase, nos documentos que regulen os ámbitos de solo urbano non consolidado, que a posibilidade de entroncar as novas vías urbanas coas estradas autonómicas quedará condicionada á obtención dun informe favorable ao instrumento de desenvolvemento correspondente por parte da administración titular da estrada en relación ao acceso, podendo iso supoñer que, na redacción daquel instrumento, poida ser necesario cambiar calquera elemento do deseño proposto para o acceso, das súas dimensións, da súa propia configuración ou tipoloxía e, incluso, que se poida determinar a incompatibilidade do acceso proposto coa normativa vixente, o que podería supoñer a inviabilidade do ámbito de solo urbano non consolidado, cando menos na súa configuración proposta.

Sección 4ª. Ordenación do solo de núcleo rural.

Artigo 20. Planos de ordenación do solo de núcleo rural.

Nos solos que se pretenda clasificar como de núcleo rural, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, e coa súa correspondencia na lenda, os seguintes elementos:

- a) A aliñación do viario.
- b) A aliñación de edificación, no caso de que non coincida coa aliñación do viario.

Artigo 21. Aliñacións de viario do solo de núcleo rural.

1. Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas que discorran por solo de núcleo rural, se establece unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos seguintes:

- a) En autoestradas, autovías e vías para automóviles: 50 m entre aliñacións que, agás casos xustificadas, se corresponderán con 25 m ao eixo da calzada.
- b) En estradas convencionais da rede estruturante: 24 m entre aliñacións que, agás casos xustificadas, se corresponderán con 12 m ao eixo da calzada.



c) En estradas convencionais da rede complementaria: 20 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 10 m ao eixo da calzada.

d) En estradas convencionais da rede local e nos treitos antigos de estradas definidos no artigo 6.2.c da Lei 8/2013, do 28 de xullo, de Estradas de Galicia: 16 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 8 m ao eixo da calzada.

e) No resto dos elementos funcionais lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, tales como vías e camiños de servizo: 12 m entre aliñacións que, agás casos xustificados, se corresponderán con 6 m ao eixo da calzada.

2. En todo caso, as aliñacións de viario deberán abranguer toda a zona de dominio público viario, nos casos en que resulte maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral.

3. Admitiranse reducións motivadas das distancias xerais, establecidas segundo o criterio xeral indicado nos apartados anteriores deste artigo, nos seguintes casos:

a) En solo de núcleo rural tradicional:

1.º Cando xa contase con aliñacións de viario establecidas nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe, e se trate de núcleos rurais recoñecidos como treitos urbanos das estradas, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, por parte da administración autonómica, permitirase o mantemento daquelas.

2.º Cando exista un número significativo de edificacións que conformen unha fronte de edificación consolidada situada por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario ata a antedita fronte de edificación.

3.º Cando se trate de edificacións ou muros tradicionais, ou doutros elementos patrimoniais protexidos, situados por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario de xeito que queden situados fóra delas.

b) En solo de núcleo rural común:

1.º Cando xa contase con aliñacións de viario establecidas nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe, e se trate de núcleos rurais recoñecidos como treitos urbanos das estradas, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, por parte da administración autonómica, permitirase o mantemento daquelas.

2.º Cando se trate de edificacións ou muros tradicionais, ou doutros elementos patrimoniais protexidos, situados por diante da aliñación de viario que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de viario de xeito que queden situados fóra delas.



Artigo 22. *Aliñacións da edificación do solo de núcleo rural.*

1. Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas que discorran por solo de núcleo rural, se establece unha distancia entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada igual ou superior aos valores mínimos que se indican na táboa seguinte:

a) En autoestradas, autovías e vías para automóbiles:

1.º En solo de núcleo rural tradicional: 30 m.

2.º En solo de núcleo rural común: 50 m.

b) En estradas convencionais da rede estruturante:

1.º En solo de núcleo rural tradicional: 15 m.

2.º En solo de núcleo rural común: 18 m.

c) En estradas convencionais da rede complementaria:

1.º En solo de núcleo rural tradicional: 13 m.

2.º En solo de núcleo rural común: 16 m.

d) En estradas convencionais da rede local e nos treitos antigos de estradas definidos no artigo 6.2.c da Lei 8/2013, do 28 de xullo, de Estradas de Galicia: 10 m.

e) No resto dos elementos funcionais lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, tales como vías e camiños de servizo: 8 m.

2. O establecemento das anteditas aliñacións de edificación poderá realizarse acoutando aquelas ou ben acoutando o recuado que deben respectar as fronteiras de edificación con respecto á aliñación de viario, cando esta última se acoute con respecto ao eixo da calzada.

3. En todo caso, as aliñacións de edificación deberán situarse fóra da zona de dominio público viario e da zona delimitada polas aliñacións de viario.

4. Admitiranse reducións motivadas das distancias xerais, establecidas segundo o criterio xeral indicado nos apartados anteriores deste artigo, nos seguintes casos:

a) En solo de núcleo rural tradicional:

1.º Cando xa contase con aliñacións de edificación establecidas nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe, e se trate de núcleos rurais recoñecidos como treitos urbanos das estradas, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, por parte da administración autonómica, permitirase o mantemento daquelas.



2.º Cando exista un número significativo de edificacións que conformen unha fronte de edificación consolidada situada por diante da aliñación de edificación que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de edificación ata a antedita fronte de edificación.

3.º Cando se trate de edificacións ou muros tradicionais, ou doutros elementos patrimoniais protexidos, situados por diante da aliñación de edificación que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de edificación de xeito que queden situados fóra delas.

b) En solo de núcleo rural común:

1.º Cando xa contase con aliñacións de viario establecidas nos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe, e se trate de núcleos rurais recoñecidos como treitos urbanos das estradas, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, por parte da administración autonómica, permitirase o mantemento daquelas.

2.º Cando se trate de edificacións ou muros tradicionais, ou doutros elementos patrimoniais protexidos, situados por diante da aliñación de edificación que resultaría de aplicar o criterio xeral establecido nos apartados anteriores deste artigo, permitirase a redución das aliñacións de edificación de xeito que queden situados fóra delas.

Artigo 23. Normativa de ordenación do solo de núcleo rural.

Nos solos que se pretenda clasificar como de núcleo rural, deberase comprobar que nas correspondentes ordenanzas da normativa urbanística se indican os seguintes aspectos:

a) Os recuados da edificación nas distintas ordenanzas, que se poderán establecer por referencia á súa representación gráfica.

b) As condicións de posición dos peches, e as distintas tipoloxías admisibles para eles, segundo se sitúen en diferentes posicións con respecto á estrada.

c) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de parcelacións ou segregacións de fincas, de obter autorización para iso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada.

d) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

e) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenzas municipais de edificación ou peche, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.



f) As limitacións das actuacións nas edificacións, ou construcións preexistentes nas situacións de fóra de ordenación ou parcial incompatibilidade co planeamento.

Artigo 24. Extensión do solo de núcleo rural.

Analizaranse os distintos ámbitos de solo de núcleo rural lindeiros coas estradas autonómicas, verificando a súa extensión en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio, coa normativa sectorial en materia de estradas, cos antecedentes do planeamento municipal, coa normativa urbanística e coa protección do dominio público viario.

Artigo 25. Accesos de novas vías públicas en solo de núcleo rural.

1. Verificarase que se xustifica de xeito preliminar a coherencia e capacidade do entronque de novas vías públicas previstas en solo de núcleo rural coas estradas autonómicas, segundo a normativa en materia de accesos.

2. No caso dos entronques de novas vías urbanas que se propoñan en ámbitos de solo de núcleo rural, non será necesaria, no instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal, unha xustificación completa do tipo de acceso a executar e da súa compatibilidade coa normativa de accesos, dado que esta se deberá realizar no proxecto que concrete o deseño da nova vía pública ou, cando se prevea a súa elaboración, no plan especial de infraestruturas e dotacións.

Nese sentido, indícarase, na normativa do instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou, cando se prevea a súa elaboración, nos documentos que regulen o plan especial de infraestruturas e dotacións, que a posibilidade de entroncar as novas vías públicas coas estradas autonómicas quedará condicionada á obtención dun informe favorable ao proxecto que concrete o seu deseño ou, cando se prevea a súa elaboración, ao correspondente plan especial de infraestruturas e dotacións, por parte da administración titular da estrada en relación ao acceso, podendo iso supoñer que, na redacción daquel proxecto ou plan especial de infraestruturas e dotacións, poida ser necesario cambiar calquera elemento do deseño proposto para o acceso, das súas dimensións, da súa propia configuración ou tipoloxía e, incluso, que se poida determinarse a incompatibilidade do acceso proposto coa normativa vixente, o que podería supoñer a inviabilidade da nova vía pública prevista, cando menos na súa configuración proposta.

Sección 5ª. Ordenación do solo urbanizable.

Artigo 26. Planos de ordenación do solo urbanizable.

Nos solos que se pretenda clasificar como urbanizables, deberase comprobar que se representa graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, e coa súa correspondencia na lenda, os seguintes elementos, segundo os establece a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia:

a) A liña límite de edificación das estradas.



b) O límite exterior da zona de afección das estradas.

Artigo 27. Normativa de ordenación do solo urbanizable.

Nos solos que se pretenda clasificar como urbanizables, deberase comprobar que nas correspondentes ordenanzas da normativa urbanística se indican os seguintes aspectos:

a) A prohibición de realizar calquera tipo de edificacións ou outras construcións, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

b) A obriga de que a posición dos peches e as distintas tipoloxías admisibles para eles sexan acordados co establecido na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

c) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de parcelacións ou segregacións de fincas, de obter autorización para iso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada.

d) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

e) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenzas municipais de edificación ou peche, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada.

Artigo 28. Extensión dos ámbitos do solo urbanizable.

Analizaranse os distintos ámbitos de solo urbanizable lindeiros ou próximos ás estradas autonómicas, verificando que a súa extensión permita, no planeamento de desenvolvemento, respectar as zonas de protección e a liña límite de edificación que se prevén na lexislación autonómica de estradas.

Artigo 29. Clasificación dos terreos lindeiros coa estrada nos ámbitos do solo urbanizable.

Os terreos comprendidos entre a estrada e a liña límite de edificación poderán clasificarse dos seguintes xeitos:

a) Como solo rústico de especial protección de infraestruturas, manténdoo fóra da delimitación do ámbito de solo urbanizable.

b) Como sistema xeral incluído no ámbito de solo urbanizable, integrándoo nel. Neste caso, preverase a súa obtención por parte da administración titular da estrada mediante cesión obrigatoria ou ocupación directa.



Artigo 30. *Accesos aos ámbitos de solo urbanizable.*

1. Analizaranse os distintos ámbitos de solo urbanizable lindeiros ou próximos ás estradas autonómicas, verificando que se xustifica de xeito preliminar a conveniencia de que o acceso ao sistema viario se realice a través dela, tendo en conta a posibilidade de acceso alternativo.

2. Cando se prevexa que o acceso do ámbito de solo urbanizable se realice a través da estrada autonómica, deberase comprobar que se actúa dun dos seguintes xeitos:

a) Que se propón para el unha tipoloxía axeitada á súa funcionalidade e ás intensidades de tráfico previsibles, e que se inclúen dentro do seu ámbito terreos suficientes para a súa execución. No caso de que, para a execución do acceso, fosen necesarios terreos situados fóra do ámbito do solo urbanizable, comprobarase que aqueles se clasifican como sistema xeral viario adscrito a el.

b) No caso de que se propoña que o acceso se resolva mediante unha glorieta, que se prevé, como parte do ámbito de solo urbanizable, e agás xustificación en contrario, unha circunferencia de, cando menos, 40 m de diámetro, centrada no punto do eixe da estrada no que se prevé realizar o acceso.

c) No caso de que se remita ao instrumento de desenvolvemento correspondente ao ámbito de solo urbanizable a xustificación completa do tipo de acceso a executar e da súa compatibilidade coa normativa de accesos, esta non será necesaria no instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal, agás que neste se propoña a súa ordenación detallada.

3. No caso das letras b) e c) do apartado anterior, indicarse, nos documentos que regulen os ámbitos de solo urbanizable, que a posibilidade de que estes accedan ás estradas autonómicas quedará condicionada á obtención dun informe favorable ao instrumento de desenvolvemento correspondente por parte da administración titular da estrada en relación ao acceso, podendo iso supoñer que, na redacción daquel instrumento, poida ser necesario cambiar calquera elemento do deseño proposto para o acceso, das súas dimensións, da súa propia configuración ou tipoloxía e, incluso, que se poida determinar a incompatibilidade do acceso proposto coa normativa vixente, o que podería supoñer a inviabilidade do ámbito de solo urbanizable, cando menos na súa configuración proposta.

Sección 6ª. Ordenación do solo rústico.

Artigo 31. *Planos de ordenación do solo rústico.*

Nos solos que se pretenda clasificar como rústico, deberase comprobar que se representa graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, os seguintes elementos, e que teñen a súa correspondencia na lenda, segundo os establece a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia:

a) A liña límite de edificación das estradas.



b) O límite exterior da zona de afección das estradas.

Artigo 32. Normativa de ordenación do solo rústico.

Nos solos que se pretenda clasificar como rústicos, deberase comprobar que nas correspondentes ordenanzas da normativa urbanística se indican os seguintes aspectos:

a) A prohibición de realizar calquera tipo de edificacións ou outras construcións, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

b) A obriga de que a posición dos peches e as distintas tipoloxías admisibles para eles sexan acordos co establecido na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.

c) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de parcelacións ou segregacións de fincas, de obter autorización para iso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada.

d) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

e) A necesidade, como requisito previo á obtención de licenzas municipais de edificación ou peche, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada.

Artigo 33. Clasificación dos terreos lindeiros coa estrada no solo rústico.

Verificarase que o solo lindeiro coas estradas autonómicas, ata a liña límite exterior da zona de afección, que non se clasifique como urbano, de núcleo rural ou urbanizable, queda clasificado como solo rústico de protección de infraestruturas.

Sección 7ª. Recoñecemento de núcleos rurais como treitos urbanos das estradas.

Artigo 34. Recoñecemento de núcleos rurais como treitos urbanos das estradas.

Una vez comprobada a coherencia da ordenación do solo de núcleo rural proposta cos criterios establecidos nos artigos anteriores desta sección, indicárase no informe, nun apartado específico:

a) Que o informe emitido ten validez aos efectos de recoñecer como treitos urbanos das estradas autonómicas, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, todos ou parte dos terreos polos que discorren estas ou adxacentes a elas que se clasifican no instrumento de planeamento urbanístico como solo de núcleo rural.



b) Unha relación exhaustiva de todos os núcleos rurais nos que se recoñecen como treitos urbanos das estradas autonómicas, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos polos que discorren estas ou adxacentes a elas.

c) Unha relación exhaustiva de todos os núcleos rurais nos que non se recoñecen como treitos urbanos das estradas autonómicas, aos efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos polos que discorren estas ou adxacentes a elas.

d) Que, só no intre no que o instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe acade a súa aprobación definitiva e entre en vigor, nos terreos incluídos nas delimitacións de núcleos rurais informadas favorablemente pasará a ser de aplicación o réxime especial de protección das marxes das estradas que prevé a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia para os treitos urbanos, en substitución do réxime xeral que se establece no resto de treitos de estradas.

e) Que, mentres o instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe non entre en vigor, seguirá a ser aplicable o criterio de recoñecemento de treitos urbanos establecido segundo o planeamento municipal vixente.

CAPÍTULO III - INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO DOS PLANS XERAIS DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Sección 1ª. Aspectos obxecto de informe.

Artigo 35. Aspectos obxecto de informe.

Para a emisión do informe dos instrumentos de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal, analizaranse, no seu caso, os aspectos comúns a todos eles e os particulares de cada tipo de instrumentos, segundo o indicado no resto de artigos deste Capítulo.

Sección 2ª. Aspectos comúns a todos os instrumentos de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal.

Artigo 36. Cartografía.

Realizarase unha análise da cartografía empregada, comprobando os seguintes aspectos:

a) Representación correcta e actualizada das diferentes estradas e, especialmente, das da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

b) Representación correcta e actualizada da realidade física no entorno das diferentes estradas e, especialmente, das da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

c) Representación correcta e actualizada dos novos trazados viarios en estudo ou proxecto, segundo o grado de tramitación no que se atopen, especialmente no que se refire aos de competencia autonómica.



Artigo 37. *Instrumentos de planeamento urbanístico de rango superior.*

Analizaranse a adaptación, no que ás estradas autonómicas lle afecte, ás determinacións dos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou de desenvolvemento de rango superior ao sometido a informe e, en particular, no seu caso:

- a) Aliñacións do viario.
- b) Aliñacións de edificación.
- c) Deseño das conexións co sistema viario e dos enlaces e interseccións previstas con aquel.

Artigo 38. *Incidencia sobre actuacións previstas en materia de estradas.*

Analizarase a adaptación do instrumento de planeamento urbanístico aos estudos e proxectos en materia de estradas aprobados, respectando as súas determinacións urbanísticas e as súas implicacións sobre o planeamento e a ordenación urbanística, segundo o grado de tramitación no que se atopen.

Artigo 39. *Planos de información.*

1. Comprobarase que os planos de información que formen parte do instrumento de planeamento urbanístico inclúan un de identificación da rede viaria, no que se indiquen:

- a) As estradas existentes e planificadas, coa súa codificación e denominación, diferenciando a súa titularidade, as clases de estradas e as categorías funcionais ás que pertencen.
- b) As vías urbanas e rurais de titularidade municipal que non teñan a consideración de estradas.

2. No caso de que existan, deberán incorporarse ao instrumento de planeamento urbanístico os mapas de ruído e o resto de mapas necesarios para dar cumprimento á lexislación en materia de ruído en relación ás estradas autonómicas.

Artigo 40. *Normativa.*

1. Comprobarase que, na normativa do instrumento de planeamento urbanístico, se incorporan de xeito correcto os seguintes aspectos:

- a) Clasificación das estradas autonómicas.
- b) Incorporación, con carácter prevalente, das determinacións da lexislación autonómica de estradas e da súa normativa de desenvolvemento, no que se refire á protección do dominio público viario, segundo a clasificación do solo.



c) Incorporación das limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

2. Comprobarase que nas correspondentes ordenanzas da normativa urbanística se indican os aspectos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan parcial ou plan especial nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, coas adaptacións necesarias no caso de que este non estivese á súa vez adaptado aos criterios de ordenación establecidos neste instrución.

3. Analizaranse, ademais, o resto de aspectos da normativa proposta que puideran ter incidencia sobre a coherencia e funcionalidade da rede de estradas autonómica.

Artigo 41. Ordenación do solo no entorno das estradas autonómicas.

Nos planes parciais e plans especiais, deberase comprobar, no seu caso:

a) Que se adoptan as medidas necesarias e suficientes para garantir o adecuado acceso do ámbito do plan parcial ou plan especial ao sistema xeral viario exterior existente, cando este consista nunha estrada autonómica, resolvéndoo axeitadamente e incluíndo a avaliación económica das obras necesarias.

b) Que a ordenación proposta na zona de influencia das estradas autonómicas é coherente co indicado na lexislación autonómica en materia de estradas e na súa normativa de desenvolvemento.

c) Que, cando os terreos comprendidos entre a estrada e a liña límite de edificación se tivesen clasificado como sistema xeral incluído ou adscrito ao ámbito do plan parcial ou plan especial, se prevea a súa urbanización, de acordo coas indicacións da administración titular da estrada e respectando en todo caso as posibilidades de ampliación futura da estrada.

Artigo 42. Accesos dos ámbitos dos plans parciais ou plans especiais.

1. Comprobarase que os accesos previstos para os ámbitos dos plans parciais ou plans especiais desenvolven o previsto para eles no instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal.

2. Cando se prevea que o acceso dun ámbito desenvolto a través dun plan parcial ou plan especial se realice a través da estrada autonómica, deberase comprobar que se acompaña un estudo específico que aborde os seguintes aspectos:

a) Un cálculo xustificado do volume de tráfico xerado polo ámbito.

b) Un cálculo do incremento que supón sobre o volume de tráfico previsto no futuro na estrada.



c) A xustificación completa do tipo de acceso a executar, segundo os criterios establecidos na normativa vixente en materia de accesos.

d) A comprobación de que o acceso previsto cumpre todas as condicións, tanto xeométricas como de distancias de seguridade, que, para os do seu tipo, se lle impoñen en cada caso naquela.

Artigo 43. *Estudo económico.*

Realizarase unha análise do estudo económico que acompañe ao instrumento de planeamento urbanístico, verificando que as actuacións imputadas á administración autonómica están contempladas na planificación desta.

Sección 3ª. Plans parciais.

Artigo 44. *Planos de ordenación dos plans parciais.*

Nos plans parciais, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, os seguintes elementos:

a) A aliñación do viario.

b) A aliñación de edificación, no caso de que non coincida coa aliñación do viario.

Artigo 45. *Aliñacións de viario nos plans parciais.*

1. Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do plan parcial, unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación do solo urbano nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, e tamén, no seu caso, ás aliñacións de viario que se establezan no instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal vixente.

2. En todo caso, as aliñacións de viario deberán abranguer toda a zona de dominio público viario, nos casos en que resulte maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral.

Artigo 46. *Aliñación de edificación nos plans parciais.*

Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece unha posición da aliñación de edificación tanto ou máis separada da estrada que posición da liña límite de edificación, segundo a establece a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.



Sección 4ª. Plans especiais de protección.

Artigo 47. Planos de ordenación dos plans especiais de protección.

Nos plans especiais de protección, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, os elementos que se esixen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de protección, en cada caso, nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal.

Artigo 48. Aliñacións de viario nos plans especiais de protección.

1. No caso dos plans especiais de protección que afecten a solos urbanos ou de núcleo rural, comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do plan especial de protección, unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de protección nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, para a clase de solo correspondente.

2. No caso de plans especiais de protección que afecten a solos urbanizables ou a solos rústicos, non será necesaria a definición de aliñacións de viario.

Artigo 49. Aliñacións de edificación nos plans especiais de protección.

1. No caso dos plans especiais de protección que afecten a solos urbanos ou de núcleo rural, comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do plan especial de protección, unha distancia entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de protección nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, para a clase de solo correspondente.

2. No caso de plans especiais de protección que afecten a solos urbanizables ou a solos rústicos, non será necesaria a definición de aliñacións de edificación.

Sección 5ª. Plans especiais de reforma interior.

Artigo 50. Planos de ordenación dos plans especiais de reforma interior.

Nos plans especiais de reforma interior, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, e coa súa correspondencia na lenda, os seguintes elementos:

- a) A aliñación do viario.
- b) A aliñación de edificación, no caso de que non coincida coa aliñación do viario.



Artigo 51. *Aliñacións de viario nos plans especiais de reforma interior.*

Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do plan especial de reforma interior, unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de reforma interior nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, segundo se trate de solo urbano non consolidado ou de solo de núcleo rural.

Artigo 52. *Aliñacións de edificación nos plans especiais de reforma interior.*

Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do plan especial de reforma interior, unha distancia entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de reforma interior nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, segundo se trate de solo urbano non consolidado ou de solo de núcleo rural.

Sección 6ª. Plans especiais de infraestruturas e dotacións.

Artigo 53. *Planos de ordenación dos plans especiais de infraestruturas e dotacións.*

Nos plans especiais de infraestruturas e dotacións, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, os elementos que se esixen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de infraestruturas e dotacións, en cada caso, nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal.

Artigo 54. *Aliñacións de viario nos plans especiais de infraestruturas e dotacións.*

1. No caso dos plans especiais de infraestruturas e dotacións que afecten a solos urbanos ou de núcleo rural, comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do plan especial de infraestruturas e dotacións, unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de infraestruturas e dotacións nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, para a clase de solo correspondente.

2. No caso de plans especiais de infraestruturas e dotacións que afecten a solos urbanizables ou a solos rústicos, non será necesaria a definición de aliñacións de viario.

Artigo 55. *Aliñacións de edificación nos plans especiais de infraestruturas e dotacións.*

1. No caso dos plans especiais de infraestruturas e dotacións que afecten a solos urbanos ou de núcleo rural, comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do plan especial de infraestruturas e dotacións, unha distancia entre a aliñación de



edificación e o eixo da calzada igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o plan especial de infraestruturas e dotacións nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, para a clase de solo correspondente.

2. No caso de plans especiais de infraestruturas e dotacións que afecten a solos urbanizables ou a solos rústicos, non será necesaria a definición de aliñacións de edificación.

CAPÍTULO IV - OUTRAS FIGURAS DE PLANEAMENTO

Sección 1ª. Aspectos obxecto de informe.

Artigo 56. *Aspectos obxecto de informe.*

Para a emisión do informe das outras figuras de planeamento, analizaranse, no seu caso, os aspectos particulares de cada tipo de figura, segundo o indicado no resto de artigos deste Capítulo.

Sección 2ª. Delimitacións do solo de núcleo rural.

Artigo 57. *Cartografía das delimitacións do solo de núcleo rural.*

Nas delimitacións do solo de núcleo rural, realizarase unha análise da cartografía empregada, comprobando os aspectos que se esixen nesta instrución para ela no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal.

Artigo 58. *Instrumentos de ordenación do territorio.*

Analizaranse a adaptación da delimitación do solo de núcleo rural ás determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio que conteñan regulación en materia de estradas autonómicas e sexan de aplicación a ámbito territorial sobre o que se emite o informe.

Artigo 59. *Antecedentes do planeamento urbanístico.*

Analizaranse os cambios do planeamento e a ordenación urbanística propostos en comparación cos antecedentes do instrumento de planeamento urbanístico sometido a informe, e comprobarase que están xustificadas os cambios propostos cando supoñan un cambio significativo dos seguintes aspectos, no entorno das estradas autonómicas:

- a) Clasificación e cualificación dos solos.
- b) Aliñacións do viario
- c) Aliñacións de edificación.



Artigo 60. *Incidencia sobre actuacións previstas en materia de estradas.*

Analizarase a adaptación da delimitación do solo de núcleo rural aos estudos e proxectos en materia de estradas aprobados, respectando as súas determinacións urbanísticas e as súas implicacións sobre o planeamento e a ordenación urbanística, segundo o grado de tramitación no que se atopen.

Artigo 61. *Planos de información das delimitacións do solo de núcleo rural.*

1. Nas delimitacións do solo de núcleo rural, comprobarase que os planos de información inclúan un de identificación da rede viaria, no que se indiquen os elementos que se esixen nesta instrución nese plano no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal.

2. No caso de que existan, deberán incorporarse ao instrumento de planeamento urbanístico os mapas de ruído e o resto de mapas necesarios para dar cumprimento á lexislación en materia de ruído en relación ás estradas autonómicas.

Artigo 62. *Planos de ordenación das delimitacións do solo de núcleo rural.*

Nas delimitacións do solo de núcleo rural, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, e coa súa correspondencia na lenda, os seguintes elementos:

- a) A aliñación do viario.
- b) A aliñación de edificación, no caso de que non coincida coa aliñación do viario.

Artigo 63. *Aliñacións de viario nas delimitacións do solo de núcleo rural.*

Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito da delimitación do solo de núcleo rural, unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación do solo de núcleo rural nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso.

Artigo 64. *Aliñacións de edificación nas delimitacións do solo de núcleo rural.*

Comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito da delimitación do solo de núcleo rural, unha distancia entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación do solo de núcleo rural nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso.



Artigo 65. *Normativa das delimitacións do solo de núcleo rural.*

1. Comprobarase que, na normativa da delimitación do solo de núcleo rural, se incorporan de xeito correcto os seguintes aspectos:

a) Clasificación das estradas autonómicas.

b) Incorporación, con carácter prevalente, das determinacións da lexislación autonómica de estradas e da súa normativa de desenvolvemento, no que se refire á protección do dominio público viario, segundo a clasificación do solo.

c) Incorporación das limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

2. Comprobarase que nas correspondentes ordenanzas da normativa urbanística se indican os aspectos que se establecen nesta instrución para a ordenación do solo de núcleo rural nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal.

3. Analizaranse, ademais, o resto de aspectos da normativa proposta que puideran ter incidencia sobre a coherencia e funcionalidade da rede de estradas autonómica.

Artigo 66. *Extensión do solo de núcleo rural.*

Analizaranse as delimitacións do solo de núcleo rural lindeiras coas estradas autonómicas, verificando a súa extensión en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio, coa normativa sectorial en materia de estradas, cos antecedentes do planeamento municipal, coa normativa urbanística e coa protección do dominio público viario.

Artigo 67. *Accesos de novas vías públicas en solo de núcleo rural.*

1. Verificarase que se xustifica de xeito preliminar a coherencia e capacidade do entronque de novas vías públicas previstas en solo de núcleo rural coas estradas autonómicas, segundo a normativa en materia de accesos.

2. No caso dos entronques de novas vías urbanas que se propoñan en ámbitos de solo de núcleo rural, non será necesaria, no instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal, unha xustificación completa do tipo de acceso a executar e da súa compatibilidade coa normativa de accesos, dado que esta se deberá realizar no proxecto que concrete o deseño da nova vía pública ou, cando se prevea a súa elaboración, no plan especial de infraestruturas e dotacións.

Nese sentido, indicárase, na normativa do instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou, cando se prevea a súa elaboración, nos documentos que regulen o plan especial de infraestruturas e dotacións, que a posibilidade de entroncar as novas vías públicas coas estradas autonómicas quedará condicionada á obtención dun informe favorable ao proxecto que concrete o seu deseño ou, cando se prevea a súa elaboración, ao correspondente plan



especial de infraestruturas e dotacións, por parte da administración titular da estrada en relación ao acceso, podendo iso supoñer que, na redacción daquel proxecto ou plan especial de infraestruturas e dotacións, poida ser necesario cambiar calquera elemento do deseño proposto para o acceso, das súas dimensións, da súa propia configuración ou tipoloxía e, incluso, que se poida determinarse a incompatibilidade do acceso proposto coa normativa vixente, o que podería supoñer a inviabilidade da nova vía pública prevista, cando menos na súa configuración proposta.

Sección 3ª. Estudos de detalle.

Artigo 68. Cartografía dos estudos de detalle.

Nos estudos de detalle, realizarase unha análise da cartografía empregada, comprobando os aspectos que se esixen nesta instrución para ela no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal.

Artigo 69. Instrumentos de planeamento urbanístico de rango superior.

Analizaranse a adaptación, no que ás estradas autonómicas lle afecte, ás determinacións dos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou de desenvolvemento de rango superior ao estudo de detalle sometido a informe e, en particular, no seu caso:

- a) Aliñacións do viario.
- b) Aliñacións de edificación.

Artigo 70. Incidencia sobre actuacións previstas en materia de estradas.

Analizarase a adaptación do estudo de detalle aos estudos e proxectos en materia de estradas aprobados, respectando as súas determinacións urbanísticas e as súas implicacións sobre o planeamento e a ordenación urbanística, segundo o grado de tramitación no que se atopen.

Artigo 71. Planos de información dos estudos de detalle.

1. Nos estudos de detalle, comprobarase que os planos de información inclúan un de identificación da rede viaria, no que se indiquen os elementos que se esixen nesta instrución nese plano no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal.
2. No caso de que existan, deberán incorporarse ao instrumento de planeamento urbanístico os mapas de ruído e o resto de mapas necesarios para dar cumprimento á lexislación en materia de ruído en relación ás estradas autonómicas.

Artigo 72. Planos de ordenación dos estudos de detalle.

Nos estudos de detalle, deberase comprobar que se representan graficamente, nos planos de ordenación, de forma acoutada, e coa súa correspondencia na lenda, os seguintes elementos:



- a) A aliñación do viario.
- b) A aliñación de edificación, no caso de que non coincida coa aliñación do viario.

Artigo 73. Aliñacións de viario nos estudos de detalle.

No caso de que o obxecto do estudo de detalle sexa modificar ou definir as aliñacións de viario, comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do estudo de detalle, unha distancia entre aliñacións de viario igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o estudo de detalle nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, segundo a clase de solo da que se trate.

No resto dos casos, comprobarase que se respectan as aliñacións de viario previstas nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou de desenvolvemento de rango superior ao estudo de detalle sometido a informe.

Artigo 74. Aliñacións de edificación nos estudos de detalle.

No caso de que o obxecto do estudo de detalle sexa modificar ou definir as aliñacións de edificación, comprobarase que, nas marxes das estradas autonómicas, se establece, no ámbito do estudo de detalle, unha distancia entre a aliñación de edificación e o eixo da calzada igual ou superior aos valores mínimos que se establecen nesta instrución para a ordenación da clase de solo ao que se refira o estudo de detalle nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou supramunicipal, admitindo as reducións motivadas previstas, en cada caso, segundo a clase de solo da que se trate.

No resto dos casos, comprobarase que se respectan as aliñacións de edificación previstas nos instrumentos de planeamento urbanístico de ámbito municipal ou de desenvolvemento de rango superior ao estudo de detalle sometido a informe.

Sección 4ª. Catálogos.

Artigo 75. Catálogos.

En relación aos catálogos, analizaranse aqueles aspectos que puideran ter incidencia sobre a coherencia e funcionalidade da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias
(documento asinado dixitalmente)

